



CIRCULAR INFORMATIVA 15-11-2021

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos informarlles sobre:

RECOLLIDA DE ALIMENTOS: colaborando con SOS Tomiño, as familias que queiran participar poden depositar, na secretaría do centro, leite e cacao ata o 3/12/2021.

PROCEDIMENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS HIXIÉNICAS.

A Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a ORDE do 28 de outubro de 2021 (DOG 12/11/2021) pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras hixiénicas entre o alumnado matriculado nas etapas de **Primaria**, ESO e Educación Especial dos centros sostidos con fondos públicos.

Todos os alumnos/as de primaria que contan con axudas de material escolar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no presente curso 2021-22 serán beneficiarios directos, polo que, neste caso, **NON terán que formalizar ningunha solicitude, entregaráselles as máscaras.**

O resto do alumnado –aínda que non conte con axuda de material escolar– tamén poderá beneficiarse do subministro de máscaras sempre que reúna o requisito de renda per capita igual ou inferior a 6.000 euros (a situación familiar a 31 de decembro de 2019). Nestes casos, para poder beneficiarse do reparto de máscaras, é obrigado que tramiten a correspondente solicitude, desde o 15 ata o 26 de novembro.

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude (anexo I e anexo II), que pode solicitar en secretaría.
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.
- Sentenza xudicial e/ou convenio regulador no caso de separación ou divorcio.
- Etc.

Seguir insistindo no cumprimento das medidas de hixiene, seguridade e distancia as cales son necesarias na loita contra o virus.

Un saúdo

A DIRECCIÓN